




A RÚA IGREXA NA ACTUALIDADE

Nacín no ano 1946 en Carballo de Bergantiños, na Rúa Igrexa nº 7, daquela escomenzaba ca tenda de "**Lolita Caamaño**" e remataba no forno panadeiro de "**Ché**", paso obrigado das lavadeiras camiño do San Martiño.

Fillo de Mercedes de Ermitas "**A Modista**" e de Manolo Prado "**Do Banco da Coruña**", ó ser o pequeno da familia salvoume de ir lonxe de Carballo e non ter "**a sorte**" de meu irman maior Manuel, de marchar a estudar A Coruña a un colexio de curas. Abofe que nunca envexa tiven !!

A miña rúa tiña pouco percorrido, mais estaba chea de moito barullo, tiña unha morea de xente, so en dúas casas, a do "**Zafurro**" e na de "**Estrela**" sumaban 20 bocas. Xa me diredes como **facian para darlle de comer a tanta tropa?**, posto a contar nunha ducia de vivendas habería




Francisco y Manuel Prado Valiño
(Rúa Igrexa nº 7)

orredor de un cento de persoas. Era tamen reflexo da sociedade carballeira daqueles tempos, misturada de xente pudente, cos que se iban amañando e outros que comían cando tocaba **"a carta mais alta"**.

Por orden de arriba a baixo da rúa, cabe sinalar que tiña unha soa beirarrúa e empinada, estaban as familias de **Os Fuentes, Os Ximeno, Os de Estrela, Os Antelo, Os de Eluterio, Os Prado, Os Penedo, Os Pereira, Os Zarrufo, Os da Brasileira, Os do Che "O Panadeiro", Os Peñita..**

Nela vivían personaxes de certo renombre, Pepito **Fuentes**, Pepiño **"Kubala"**, Placido Antelo **"O sereno"**, Mino **"O actor"**, **Carlos Pereira.....**con industriais como Eliodoro **"O das radios"** e tamen os talleres de **"Mahia"** e de **"Eduardo Fuentes"**. Mais non se pode pedir, unha rúa con industria automovilística e radiofónica, bancarios, xente da farándula e autoridade municipal.

Esa banda poderíamola chamar a **"material"** mais había outra banda, que era a **"espiritual"**, pois tiñamos a **"Doceria Vella"** e a **"Igrexa Parroquial"**, unha para frear os praceres do corpo **ii Ay as galletas de améndoas, meu Deus !!** e a outra para calmar os malos pensamentos, aquí como vedes tamen estaba Deus polo medio, ca inestimable axuda do señor cura, Don Venancio **"O Chino"**.



Sempre recordarei a muralla o redor da Igrexa de San Xoán Bautista, unha das poucas belezas que tiña o noso pobo hoxe desaparecida, que servía de linde para amarrar os cabalos e bestas de carga nos días de feira. Era así mesmo fonte de ingresos da nosa pandilla cando apañabamos a chatarra da que se desfaca o taller **"Eduardo Fuentes"** pa logo venderlla a **"O Lerio"**, facendo o reparto na fonte fronte ó comercio **"El Siglo"** dos pais de **José Ramón M. Pena**.

A carón dela xuntabase todos os anos a morea de pólas con que se facía a cachela nas festas de San Xoán, os xogos

infantis como **"as bolas"** e **"a billarda"** e tamen para subirse nela pa lembrar o que facía o fonanbulista do Circo que de cando en vez viña ó Campo da Feira nas festas patronais.

Hai pequenos detalles que se manteñen na miña memoria dende neno ata agora que xa estou camiño da terceira idade, son os olores e os sons de cativo da miña rúa.

Dos primeiros, os olores, cabe nomear o do carbón vexetal que saía das planchas de ferro no taller de costura de miña nai e que servían pa preparar os vestidos antes de ser entregados, outro e o da mantanza do porco do que era **"mestre de cerimonia Barrán"O Matachín"**, un feito repetido anualmente no tempo do San Martiño, a elaboración dos chourizos, a zorza a morcela o redor dunha mesa da cociña.

Dos segundos, os sons, hai un capital, o son das campás da igrexa, cando o facian para sinalar os oficios relixiosos, meu avó paterno **Enrique**, coñecido no pobo por **"Enrique dos cans"**, por sua afición a ter este tipo de animais, cando escoitaba esas campanadas farfullaba **"A igrexa e un comercio, o cura un comerciante e ó sonda campá acude o ignorante"**, por estas verbas podese pensar que meu avó non tiña unha sinalada fé cristiana, **algunha tiña mais daquela maneira**, nunca acudía a chamada pero non había finado no pobo que non tivera a sua compañia ata o cimiterio **Das Labradas**, onde se levaban os difuntos a costas.



Habia outro son que lembro de sobremaneira, cando era **"a difunto"**, sonido dun so golpe, paseniño e cadencioso, realizado de maneira maxistral por **"Pedro Fuentes"** o sacristán **"In pectore"** da parroquia de San Xoán Bautista, mais tarde correspondido por seu fillo **"Juan o da Morena"** que chegou facer verdadeiras composicións musicais

misturando os sons das tres campás que penduraban do campanario.

Ó escoitar semellante son, miña avoa "**Ermitas**" daballe a cabeza mentras inquiria. Quén morrería?, a ventaxa de vivir preto da igrexa era que sempre eramos os primeiros en coñocer a mala nova, porque era e quen deixara de alentar. De qué morrería? Preguntaba asomada a folla da nosa porta, naqueles tempos a maioría finaba de tres xeitos, por vello, por enfermidade ou "**de repente**", unha vez sabido quen era o morto e a causa, todo voltaba a normalidade na Rúa da Igrexa.

Pero sin dúbida uns dos sons das campás que mais me marcou foi cando ardiu o taller de carpintería de "**Basilio**", unha polas lumeradas que ollaba por detrás da miña casa e outra o son repetido e imparable nunha noite que nunca creín que rematará.

Outro son que sempre recordarei, este agradable e entrañable, "**ó dos Pereira**", familia que vivían dúas portas mais abaixo da miña casa, lembro o pai alto con sombreiro e bigote baixando pola beirarrúa cantando e tocando a guitarra, coma a xenética e unha ciencia verdadeira, mais tarde tomou o relevo o seu fillo "**Carlos**" cantando e silbando de maneira semellante, personaxes irrepitibles que deron cor a vida carballea.

Podo asegurar que fun moi feliz naquela rua chea de vida familiar, hoxe coido que foi importante para formación da miña personalidade e tamen para forxar o meu sentimento carballés. Pequenas cousas que ó longo dos anos permaneceron durmidas na miña memoria, e que voltaron a xurdir en min grazas as xuntanzas cos "**Amigos de los 50**".

Francisco Prado Valiño (2014)

